

NOTA INFORMATIVA PARA O CURSO 2023-2024 (ABAU 2024) NA MATERIA DE XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS

Estimadas e estimados colegas.

Dende o grupo de traballo de Xeoloxía e Ciencias Ambientais da CiUG informámosvos de que, no [enlace á materia da web da CiUG](#), podedes atopar información actualizada relacionada coa proba de avaliación ABAU do curso 2023-24.

O traballo realizado para a preparación da ABAU 2024 está definido polos currículos establecidos pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Nos documentos elaborados presentamos:

1- Unha serie de orientacións básicas para a nova materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais, recollida no Decreto 157/2022, onde procuramos dous obxectivos. Por unha banda, e no contexto transitorio deste curso, non mudar en exceso os criterios, orientacións e contidos da parte da materia relacionado coa Xeoloxía e, ao mesmo tempo, incorporar os novos contidos das Ciencias Ambientais sen provocar unha saturación de contidos. Con todo, hai que ter presente a posibilidade de futuras directrices que obriguen a reaxustar estas orientacións que, en todo caso, esperamos que poidan axudar ao desenvolvemento da vosa docencia.

O principal cambio no ámbito da Xeoloxía é a desaparición do Bloque 6: Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica, aínda que non desaparecen os contidos deste, xa que están distribuídos por outros bloques e, polo tanto, seguen presentes nesta proba. Como exemplo, os cortes xeolóxicos.

Nesta nova materia engádense aspectos relativos a cuestións medioambientais, concretadas en dous bloques, o Bloque 6: As capas fluídas da Terra (atmosfera e hidrosfera) e Bloque 7: Recursos e a súa xestión sustentable. E algunha cuestión máis experimental no Bloque 1: Experimentación en Xeoloxía e Ciencias Ambientais, neste caso sobre todo relacionada coa interpretación de gráficas de datos ambientais e elaboración de diagramas causais.

2- Un modelo de proba coa estrutura, os elementos, as puntuacións e os tipos de exercicios. Á espera da presentación do Real Decreto do Ministerio que poida modificar as directrices desta proba, seguemos traballando no escenario do modelo COVID.

Recíbide un cordial saúdo.

O Grupo de Traballo de Xeoloxía e Ciencias Ambientais